

Orde do 22 de xaneiro de 2010 pola que se modifican as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a investimentos no ámbito da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo da Pesca, e se convoca para o exercicio 2010 o devandito procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto.

O Regulamento (CE) 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo de Pesca (FEP) e o Regulamento (CE) 498/2007 da Comisión, do 26 de marzo, polo que se establecen as disposicións de aplicación deste, define o marco de apoio comunitario en favor do desenvolvemento sustentable do sector pesqueiro, das zonas de pesca e da pesca interior. Este regulamento establece a posibilidade de apoiar os investimentos no ámbito da produción na acuicultura.

En aplicación da normativa comunitaria citada, ditouse a Orde do 17 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a investimentos no ámbito da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo da Pesca e se convocan para o exercicio 2009.

A Orde do 17 de febreiro de 2009 establece no seu artigo 3 que as subvencións se concederán con cargo ás aplicacións orzamentarias que en cada un dos anos de vixencia do Programa operativo do Fondo Europeo da Pesca (FEP) 2007-2013 sinala a correspondente Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, en cada anualidade sucesiva ata o ano 2013 fixarase por unha orde complementaria o crédito anual existente.

Por outra banda, o 29 de febreiro de 2009 publicouse o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que entrou en vigor ao mes da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, é dicir, o día 29 de marzo de 2009.

A aplicación práctica da Orde do 17 de febreiro de 2009, así como a entrada en vigor do Decreto 11/2009, aconsellan a adaptación da orde á citada normativa así como a modificación de aspectos puntuais do seu articulado, que non afectan os seus aspectos esenciais pero que pretenden achegar unha maior comprensión de cara ao potencial beneficiario e mesmo aos órganos xestores das axudas. Consecuentemente, para esta mellor comprensión e para facilitar a consulta e o manexo por parte dos interesados, publícase íntegro o contido das bases reguladoras, que substitúen as aprobadas pola orde da Consellería do Mar de 17 de febreiro de 2009.

O artigo 1º, 1.1 da Orde do 11 de febreiro de 1998 (DOG nº 34, do 19 de febreiro) sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG nº 231, do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG nº 209, do 29 de outubro) establece que os expedientes de gasto relativos a subvencións poderán

iniciarse sempre que as necesidades que se teñan que satisfacer poidan ser razoablemente previstas anticipadamente no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, aínda cando a súa execución se realice nunha ou en varias anualidades; no primeiro caso, sempre que exista crédito axeitado e suficiente no proxecto dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma aprobado polo Consello da Xunta que corresponda ao exercicio orzamentario en que se vaia materializar a contraprestación, e no segundo, sempre que exista crédito para a primeira anualidade e que se cumpran os requisitos do artigo 58 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Ademais, o artigo 3º, 3.3 estende expresamente esta posibilidade de tramitación anticipada aos expedientes relativos ás bases reguladoras ou convocatorias de axudas derivadas da aplicación de regulamentos comunitarios con financiamento procedente de fondos europeos, sempre que exista regulación das axudas pola Unión Europea ou de ámbito estatal ditada en desenvolvemento ou transposición dela e existan compromisos de financiamento destinados á aplicación das correspondentes medidas.

En consecuencia, e de acordo co disposto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, oído o sector interesado,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. Esta orde ten por obxecto a modificación das bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, e no procedemento de concesión das axudas destinadas á mellorar a competitividade do sector acuícola en Galicia, aprobadas pola Orde do 17 de febreiro de 2009, así como proceder á súa convocatoria para o ano 2010. Estas axudas poderán financiar:

- a) Investimentos produtivos en acuicultura.
- b) Medidas hidroambientais.

2. Para o obxecto desta orde, entenderase por acuicultura a cría ou cultivo de organismos acuáticos con técnicas encamiñadas a aumentar, por riba das capacidades naturais do medio, a produción dos organismos en cuestión; sendo estes, ao longo de toda a fase de cría ou de cultivo e ata o momento da súa recolección, propiedade dunha persoa física ou xurídica de acordo co artigo 4º desta orde.

Artigo 2º.-*Marco normativo.*

Para o outorgamento e execución destas axudas, aplicarase o disposto nas bases reguladoras establecidas nesta orde así como nas seguintes normas:

- a) Regulamento (CE) 1198/2006, do Consello, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo de Pesca,

Regulamento (CE) 498/2007 da Comisión, do 26 de marzo, polo que se establecen as disposicións de aplicación do citado regulamento e resto de disposicións comunitarias aplicables, así como as disposicións básicas que o Estado dite en desenvolvemento ou transposición destas.

b) Preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

c) Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, coas súas posteriores modificacións.

d) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

g) Se é o caso, normativa reguladora da tramitación anticipada de expedientes de gasto (Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001).

h) Normativa básica do Estado.

Artigo 3º.-*Crédito orzamentario.*

1. As subvencións concederanse con cargo ás aplicacións orzamentarias que en cada un dos anos de vixencia do Programa operativo do Fondo Europeo da Pesca (FEP) 2007-2013 sinale a correspondente lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. En cada anualidade sucesiva ata o ano 2013 fixarase por unha orde complementaria o crédito anual existente.

3. Os importes fixados en cada convocatoria, así como as aplicacións as que se imputen, poderán ser ampliados con fondos incorporados e remanentes adicionais, así como procedentes de modificacións orzamentarias, sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para o efecto.

4. As axudas estarán limitadas en todo caso ás dispoñibilidades orzamentarias.

5. Poderanse adquirir compromisos de carácter plurianual de acordo co artigo 58º do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

6. Para o ano 2010 as axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.723A.772.0

que figura dotada no orzamento de gastos da Consellería do Mar para o ano 2010. Os importes máximos das subvencións que se concedan no dito exercicio orzamentario ascenderán a 9.250.000 euros, distribuídos nas seguintes anualidades:

-Anualidade 2010: 1.250.000 euros.

-Anualidade 2011: 4.000.000 euros.

-Anualidade 2012: 4.000.000 euros.

Artigo 4º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios das axudas reguladas nesta orde as persoas físicas ou xurídicas titulares de establecementos de cultivos mariños ou de establecementos en augas continentais inscritos no Rexistro de Centros de Acuicultura, de conformidade co disposto na Orde da Consellería Medio Ambiente do 25 de outubro de 1999, que teñan as súas instalacións na Comunidade Autónoma de Galicia e aquelas que establezan nela novos centros. Tamén poderán ser beneficiarios das axudas, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, subscriban todos e cada un dos seus membros a solicitude, estean constituídas por titulares de establecementos de acuicultura e as súas federacións, teñan a sede en Galicia e realicen a súa actividade nesta comunidade. Estas entidades non se poderán disolver ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. Os beneficiarios estarán en posesión das preceptivas concesións, autorizacións, permisos ou licenzas para levar a cabo os investimentos previstos. En todo caso os proxectos presentados para a solicitude da subvención deberán ser copias fidedignas dos presentados para a obtención dos permisos.

3. Non poderán ser beneficiarias destas axudas, as persoas en que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nin as empresas en crise, de acordo coa definición e condicións establecidas nas directrices comunitarias sobre as axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (2004/C244/02).

4. As axudas ao investimento produtivo en acuicultura, de acordo co previsto no artigo 29º do Regulamento (CE) 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo, relativo ao FEP, limitaranse ás microempresas, ás pequenas e medianas empresas e ás empresas non recollidas pola definición de microempresa, pequena ou mediana empresa tal e como se definen na Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas (DOCE, serie L nº 124, do 20 de maio), con menos de 750 empregados ou cun volume de negocios inferior a 200 millóns de euros.

5. As empresas deberán cumprir os criterios de independencia segundo a Recomendación da Comi-

sión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas. Para o cálculo dos efectivos (número de persoas ocupadas) e dos importes financeiros terase en conta o indicado na citada recomendación.

Artigo 5º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. Os beneficiarios, ao formalizar a súa solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que se establecen nesta orde para a concesión e pagamento das subvencións, así como ao cumprimento dos requisitos estipulados na normativa de aplicación a estas.

2. Os beneficiarios deberán:

a) Executar o proxecto subvencionado dentro dos prazos máximos que se establezan na respectiva resolución de concesión con cumprimento das condicións e prescricións establecidas nela, nesta orde de convocatoria ou demais normativa de aplicación, de forma que se poida realizar a súa comprobación documental e material.

b) Axustar o custo de adquisición dos investimentos subvencionables ao valor de mercado.

c) Acreditar, mediante declaración responsable, que non teñen pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións.

d) Destinar os bens subvencionados ao fin concreto para o cal se conceda a subvención durante un período mínimo de cinco anos, de acordo con previsto no artigo 56 do Regulamento (CE) 1198/2006, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo da Pesca. Durante este período, que se contará a partir da data contable do último pagamento, o beneficiario deberá solicitar autorización á Consellería do Mar se pretende o cambio de destino do ben subvencionado, alleamento, gravame ou substitución por outro ben que sirva en condicións análogas ao subvencionado.

e) No caso de que o proxecto implique a creación de postos de traballo, estes deberán crearse no prazo dos tres anos seguintes á finalización do investimento. Cada posto de traballo manterase durante un período mínimo de cinco anos.

f) Someterse ás actuacións de comprobación que deberá efectuar o órgano concedente ou calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competente, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

g) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións e axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente, tanto públicos como privados.

h) Acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, que se está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. De acordo co

establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión de subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, co fin de acreditar de que o solicitante está ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non poden ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlles requiridos aos interesados.

i) No caso de axudas concedidas a bens inscrites nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura e no rexistro público correspondente o importe de subvención concedida e o período durante o cal os bens subvencionados quedan adscritos ao fin concreto recollido na subvención.

j) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de cinco anos desde a percepción do último pagamento, para os efectos de comprobación e control.

k) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos exixidos na lexislación aplicable aos beneficiarios.

l) Comunicar á Consellería do Mar calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución dos fins para os cales foi concedida a axuda de que se trate.

m) Darlle a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento do investimento realizado con expresa mención á participación do Fondo Europeo da Pesca (FEP), nos termos establecidos nos artigos 32 e 33 do Regulamento (CE) 498/2007 da Comisión.

n) No caso de que a planta onde se realicen os investimentos se trate dun establecemento de cultivos mariños, deberá figurar inscrito no Rexistro Galego de Empresas Haliolimentarias.

o) Se o investimento solicitado na subvención é a construción ou modernización dun establecemento de acuicultura, deberánse cumprir obrigatoriamente as condicións sinaladas nas correspondentes autorizacións para levar a cabo os investimentos.

Ademais, se o investimento comporta a xeración de residuos deberánse cumprir as condicións sinaladas, para cada tipo de residuo, na vixente normativa sectorial.

En particular, se o investimento solicitado é a construción dunha batea deberase cumprir especialmente o relativo ás condicións do despezamento e á xestión dos residuos.

p) No caso de investimentos incluídos nas medidas hidroambientais, para acollerse ás compensacións, os beneficiarios deberán comprometerse a cumprir durante un período mínimo de cinco anos, requisitos

hidroambientais máis estritos que a mera aplicación da boa práctica normal de acuicultura.

g) Para acollerse á asistencia a que se refire o artigo 6º.2 a), os beneficios para o ambiente destes compromisos deberán demostrarse nunha avaliación previa realizada por un organismo competente designado polo Estado membro.

Artigo 6º.-*Proxectos obxecto de subvención.*

1. Poderán ser subvencionables de conformidade con esta orde os investimentos en activos fixos materiais para a construción, ampliación, equipamento e modernización de instalacións acuícolas de produción situadas en Galicia, que teñan por obxecto un ou varios dos seguintes investimentos e actuacións:

a) Diversificación cara a novas especies ou produción de especies con novas perspectivas de mercado;

b) Establecemento de métodos de acuicultura que reduzan substancialmente as consecuencias negativas ou melloren os efectos positivos sobre o ambiente, en comparación coas prácticas normais no sector da acuicultura;

c) Apoio a actividades tradicionais da acuicultura que contribúan a preservar e desenvolver o tecido económico e social e a protección do ambiente;

d) Apoio á adquisición de equipamentos para protexer as explotacións dos depredadores salvaxes;

e) Mellora das condicións de traballo e da seguridade dos traballadores da acuicultura.

2. Así mesmo, poderán ser obxecto de axuda, de conformidade con esta orde, aqueles métodos de produción acuícola que contribúan a protexer e mellorar o ambiente e a conservación da natureza que teñan por obxecto un ou varios dos seguintes investimentos e/ou actuacións:

a) O establecemento de formas de explotación acuícola que inclúan a protección e mellora do ambiente, dos recursos naturais e da diversidade xenética, así como a xestión da paisaxe e as características tradicionais das zonas acuícolas.

b) A participación no sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental creado polo Regulamento (CE) 761/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de marzo, polo que se permite que as organizacións se adhiran con carácter voluntario a un sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS).

c) A acuicultura ecolóxica no senso do Regulamento (CEE) 710/2009 da Comisión, do 5 de agosto, sobre a produción ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios.

As axudas establecidas neste punto revestirán a forma de compensacións, de acordo co previsto no artigo 30 do Regulamento (CE) 1198/2006. Para os investimentos materiais necesarios para a aplicación dun EMAS as axudas poden instrumentarse como axudas ao investimento, cos límites fixados no anexo II do Regulamento (CE) 1198/2006.

3. Tamén poderán ser subvencionables os investimentos que teñan por obxecto a construción ou modernización de embarcacións auxiliares da acuicultura, que estean inscritos na 4ª lista no Censo de frota pesqueira operativa e no Rexistro de Buques Pesqueiros de Galicia, que teñan o seu porto base na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. En función dos resultados acadados e doutras circunstancias que así o aconsellen, para as seguintes convocatorias poderanse excluír algunha das categorías incluídas no punto anterior.

Artigo 7º.-*Gastos subvencionables.*

1. En investimentos produtivos:

a) Construción, ampliación, modernización ou acondicionamento de bens inmoables, sempre e cando estea xustificada a súa necesidade para a explotación de que se trate. Estes bens non deberán ter recibido nos últimos 10 anos ningunha subvención nacional ou comunitaria que poida comportar duplicidade da axuda.

b) Maquinaria, instalacións e equipamentos de primeiro uso.

c) Os gastos do proxecto técnico e dirección de obra ata un límite do 12 por cento do custo indicado no proxecto, sempre que a actuación a que se refira resulte seleccionada.

d) Instalacións telefónicas e fax, equipamentos e programas informáticos, relacionados coas actividades de produción da empresa. Exclúense os equipos informáticos portátiles.

e) Elementos de transporte interno, sempre que formen parte integrante do proxecto que se presente.

f) Adquisición de elementos especiais de transporte exterior, cando a adecuación ao uso a que se destinen exixa unha fabricación ou carrozado singulares e sempre que estean vinculados ao proxecto.

g) Construción ou modernización de embarcacións auxiliares da acuicultura. As embarcacións que perciban axudas á construción no ano 2010 ou seguintes, non poderán percibir axudas á modernización nos cinco anos seguintes.

h) Construción ou modernizacións de bateas consistentes no acondicionamento mediante o emprego no artefacto de novos dispositivos que permitan mellorar as condicións de traballo, hixiene e saúde humana de bateas. Só se subvencionarán novas construcións de bateas cando para a mesma concesión administrativa estes artefactos non percibisen axudas á construción ou modernización nos últimos cinco anos.

2. En medidas hidroambientais.

Dentro dos proxectos hidroambientais, serán subvencionables:

a) En proxectos de melloras ambientais:

1. Custos de mantemento de estruturas.

2. Perdas debidas a predadores salvaxes.

3. Perda de renda debido á diminución de densidade de produción.

b) En proxectos do tipo de adhesión ao sistema EMAS, serán subvencionables os seguintes gastos:

1. Custos de asesoría para a implantación inicial do sistema.

2. Avaliación ambiental realizada por consultor independente.

3. Verificación por consultor.

4. Gastos de rexistro.

5. Investimentos materiais necesarios para a aplicación dun EMAS.

c) Nos proxectos do tipo de acuicultura ecolóxica, serán subvencionables os seguintes gastos:

1. Diminución do volume de produción.

2. Incremento dos custos de produción.

3. Custos de inspección e certificación.

Artigo 8º.-*Gastos non subvencionables.*

Non se consideran subvencionables:

1. Adquisición de terreos.

2. A transferencia da propiedade dunha empresa.

3. Investimentos relativos ao comercio polo miúdo. Non obstante, serán subvencionables os investimentos relativos ao comercio polo miúdo, cando formen parte integrante das explotacións acuícolas.

4. Os gastos de compra de reprodutores e xuvenís das especies que se vaian criar.

5. Os gastos de constitución e primeiro establecemento dunha sociedade.

6. Obras de ornamentación e equipos de recreo.

7. Mobiliario de oficina, de salas de conferencias e de catas.

8. A vivenda

9. Os vehículos destinados ao transporte de persoas.

10. Palés e semellantes.

11. Os gastos de reparacións, conservación, funcionamento e mantemento dos bens e equipamentos. As substitucións de equipamentos e máquinas, salvo que a nova adquisición corresponda a equipos ou maquinaria distintos dos anteriores, ben pola súa tecnoloxía utilizada ou polo seu rendemento e achen unha mellora substancial no proceso e produción ou na creación de emprego.

12. Os gastos de reparación ou substitucións de un ou varios elementos das bateas. Cando o investimento consista na mera reposición de bateas existentes, só serán subvencionables cando a nova construción

sexa distinta das anteriores ben pola súa tecnoloxía ou polo seu rendemento.

13. Os gastos de aluguer de equipamentos e os investimentos financiados mediante arrendamento financeiro (*leasing*). Para seren subvencionables estes investimentos, deberá ser exercida a opción de compra unha vez finalizado o período do *leasing*. En todo caso, cómpre a achega dun compromiso de adquisición do ben xunto coa solicitude.

Outros custos relacionados co contrato de arrendamento financeiro, tales como impostos, marxe do arrendador, custos de refinanciamento, gastos xerais ou seguros non serán subvencionables. Os investimentos aprobados inicialmente como compra non poderán ser imputadas como gastos de *leasing* ou viceversa, salvo que o dito cambio sexa solicitado e aprobado polo órgano concedente.

14. Adquisicións de bens e equipamentos de segundo uso.

15. Adquisición de elementos e todo tipo de bens pagados en efectivo.

16. Achegas de granulados.

17. Calquera gasto que, de acordo coa normativa aplicable, resulte ser non subvencionable.

Artigo 9º.-*Certificación de non inicio.*

1. Como norma xeral, os investimentos ou gastos para os cales se solicita axuda non se poderán iniciar antes da data de presentación da solicitude de axuda nin antes da realización da acta de comprobación previa por parte dos servizos da Consellería do Mar, en caso de investimentos materiais. A non realización de investimentos inmateriais demostrarase mediante a data da factura correspondente.

2. O non inicio acreditarase mediante certificación dos servizos da Consellería do Mar, onde se van realizar os investimentos.

3. Se for necesario realizar os investimentos antes da apertura do prazo de presentación de solicitudes da convocatoria anual correspondente e sempre que se xustifique debidamente, de forma excepcional poderá facerse unha certificación de non inicio, inmediatamente antes de que comece a realización dos investimentos. Esta certificación solicitarase acompañada do proxecto, memoria descritiva dos aspectos técnicos e económicos do investimento, facturas pro forma ou catálogos que permitan facer unha valoración dos investimentos que se van realizar e relación destes, planos, proxecto visado, se é o caso, e terá efectos na convocatoria inmediatamente seguinte. No caso de que a solicitude non for seleccionada, a acta de comprobación poderá ter efecto tamén nas seguintes convocatorias sempre que o solicitante confirme a súa solicitude de axuda.

4. A realización da certificación de non inicio en ningún caso implica dereito nin mérito para a concesión da axuda.

Artigo 10º.-Tipo e contía das axudas.

1. As axudas a investimentos produtivos en acuicultura reguladas nesta orde teñen carácter de subvencións de capital. A porcentaxe máxima de contribución pública neste tipo de investimentos, de acordo co establecido no anexo II do Regulamento (CE) 1198/2006 do Fondo Europeo da Pesca (FEP), poderá ser igual ou menor ao 60% do total dos gastos subvencionables.

2. Para as medidas hidroambientais, as axudas revestirán a forma de compensacións que se determinarán conforme o disposto no artigo 30 Regulamento (CE) 1198/2006 do Fondo Europeo da Pesca, calculándose sobre a base dun ou máis dos seguintes criterios:

- a) Perda de ingresos sufrida.
- b) Custos adicionais provocados pola aplicación de medidas hidroambientais.
- c) Necesidade de contar con axuda financeira para levar a cabo o proxecto.

En particular, as axudas concedidas ao amparo do artigo 6º, punto 2 a) e c) desta orde, deben outorgarse en forma de compensación excepcional (única) da seguinte forma:

- a) Consonte o número 2 alínea a), sobre a base dunha cantidade máxima por hectárea da zona da empresa á que se apliquen as obrigas medioambientais.
- b) Consonte ao número 2 letra c), durante un máximo de dous anos durante o período de reconversión da empresa á produción ecolóxica.

Non obstante, os investimentos necesarios para a aplicación dun EMAS poden recibir axuda, calculada sobre a base do custo elixible, de ata un 100% de acordo co previsto no anexo II do Regulamento (CE) 1198/2006.

3. Respecto ás empresas que non teñan a consideración de microempresas, pequenas ou medianas, segundo definición da Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, e que teñan menos de 750 empregados ou un volume de negocios inferior a 200 millóns de euros, a contribución pública reducirase nun 30%.

Artigo 11º.-Compatibilidade das axudas.

1. As axudas establecidas nestas bases reguladoras serán compatibles con calquera outra concedida por outras administracións públicas ou por entidades públicas ou privadas, sempre que non teñan financiamento parcial ou total de fondos procedentes doutro instrumento financeiro comunitario e a suma total das axudas non supere a porcentaxe máxima fixada no Regulamento do Fondo Europeo da Pesca (FEP) para a contribución pública.

2. No suposto de que a suma de todas as axudas supere os ditos límites, procederase por resolución do órgano concedente á minoración da axuda concedida.

3. De acordo co previsto nos artigos 5º.2 g) e 21º.3 g) destas bases reguladoras, o beneficiario deberá comunicar por escrito ao órgano concedente a obtención de calquera outra subvención ou axuda e deberá achegar a resolución da súa concesión, se é o caso.

Artigo 12º.-Prazos de solicitude e resolución.

1. Anualmente, publicaranse os períodos de presentación de solicitudes para cada unha das anualidades 2010 a 2013. Para a anualidade 2010, o prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

2. Aquelas solicitudes que non poidan ser atendidas no período correspondente, poderán ser tomadas en consideración no período seguinte, logo de confirmación polo solicitante e sen que isto supoña preferencia ningunha como criterio de selección.

3. A resolución emitirase e notificaráselles aos interesados no prazo máximo de seis meses desde a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da correspondente convocatoria anual. O vencemento do prazo máximo indicado sen que se notifique a resolución, posibilitará que os interesados poidan entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo, de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 13º.-Forma de presentación de solicitudes e documentación necesaria.

1. A solicitude incluírá un exemplar orixinal ou copia debidamente compulsada, e tres copias simples da seguinte documentación:

- Anexo A1, de solicitude da axuda.
- Anexo A2, de declaracións do solicitante.
- Anexo A3, de relación de ofertas solicitadas e elixidas.
- Datos relacionados no anexo A4, así como documentación relacionada na epígrafe Outra documentación deste anexo. A documentación correspondente a proxectos e planos deberá ser presentada tamén en soporte dixital.

-Anexo B3, de táboa de empregados e centros de traballo.

2. Non obstante, o disposto no número do 1 deste artigo, a presentación da seguinte documentación considerárase mínimo imprescindible para a tramitación das solicitudes:

- Anexo A1 de solicitude da axuda.

-Descrición detallada das actuacións que se realizarán co proxecto, cos obxectivos.

-Xustificación razoada dos investimentos e de cada unha das partidas e do resumo do orzamento relacionando todos os investimentos que se realizarán co seu correspondente importe sen IVE (cadro A4-13 dos anexos).

Non serán admitidas aquelas solicitudes en que se aprecie a ausencia desta información; nestes casos emitirase resolución de inadmisión:

3. O lugar de presentación será o Rexistro Único e de Información do complexo administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela ou no de calquera das delegacións territoriais da Xunta de Galicia, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. A solicitude e os seus anexos en formato electrónico poderanse descargar na páxina web da Consellería do Mar <http://webpesca.xunta.es>.

Artigo 14º.-*Tramitación das solicitudes.*

1. Os departamentos territoriais da Consellería do Mar analizarán os expedientes, requirirán a documentación necesaria, se é o caso, e emitirán un informe relativo ao cumprimento dos requisitos da convocatoria.

2. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer se terá por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 5º.2 h) resulta que o solicitante non está ao día no pagamento das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

3. A documentación requirida para emenda da solicitude deberá ser presentada nos rexistros das delegacións territoriais da Xunta de Galicia a que corresponda a tramitación do expediente, salvo que no escrito de requirimento se sinala outra cousa. A documentación presentada nun rexistro distinto poderá ser inadmitida se ten entrada no rexistro indicado no requirimento fóra do prazo inicial de 10 días conferido para a súa entrega.

4. Sen prexuízo do disposto no punto 2 deste artigo, o solicitante poderá ser requirido para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

5. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas que, se é o caso se produzan, aqueles expedientes

administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria, serán remitidos á comisión encargada da súa avaliación, de acordo co establecido no artigo seguinte. Para estes efectos, os departamentos territoriais da Consellería do Mar elaborarán un informe á vista do cal o Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura da Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica analizará e clasificará os proxectos de acordo cos criterios fixados nas bases.

6. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instructor para que formule a proposta de resolución de non admisión, en que se indicarán as causas que a motivan.

7. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o solicitante non poderá modificar a súa solicitude de axuda aumentando o importe total do investimento nin incluíndo novos conceptos para os cales solicita axuda.

Artigo 15º.-*Comisión de avaliación.*

1. Os expedientes serán avaliados por unha comisión de avaliación constituída na Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica que, de non considerar necesaria máis documentación, emitirá un informe co resultado da selección das solicitudes propostas, que será incorporado ao expediente.

2. A composición da comisión avaliadora estará formada polos seguintes membros:

a) Presidente: director/a xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica.

b) Vogais: subdirector/a xeral de Innovación Tecnolóxica, un funcionario adscrito á Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica designado polo presidente e os/as xefes/as do Servizo de Competitividade e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar de cada un dos departamentos territoriais. Un dos vogais actuará como secretario.

3. En caso de imposibilidade de asistir a algunha das sesións, os membros do órgano colexiado poderán ser substituídos pola persoa que designe o presidente.

4. A comisión avaliadora poderá traballar asistida dos asesores que xulgue conveniente, así como solicitar informes a expertos técnicos na materia.

5. No informe que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obteren a subvención, indicándose a avaliación que lles corresponde segundo os criterios fixados no artigo 16º desta orde. Así mesmo, indicarse a proposta do importe da subvención para cada un deles.

6. No caso de que a suma dos investimentos subvencionables dos expedientes propostos non supere o crédito existente para as axudas, non será necesario que figure a avaliación individualizada de cada expediente.

7. Establecerase unha lista de reserva con aquelas solicitudes que, reunindo os requisitos establecidos na orde de convocatoria, non acaden a puntuación necesaria para seren seleccionadas por falta de crédito.

8. O presidente da comisión de avaliación elevará proposta de resolución ao órgano concedente, que ditará a correspondente resolución de concesión, logo da preceptiva fiscalización do gasto.

Artigo 16º.-*Criterios de avaliación.*

Os proxectos que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables. A comisión de avaliación poderá:

-Considerar como non viables proxectos ou actuacións presentados e, consecuentemente, propor a non concesión da subvención.

-Propor a non concesión da axuda cando o custo de adquisición proposto polo solicitante dos gastos subvencionables sexa superior ao valor de mercado. Para estes efectos, a comisión de avaliación poderá requirir a achega da valoración dos investimentos solicitados efectuada por taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.

-Establecer, á vista das solicitudes presentadas, límites máximos de investimento subvencionable, tanto por beneficiario como por actuación ou concepto elixible.

Na concesión das axudas terase en conta o grao de cumprimento das obrigas derivadas das axudas recibidas, se é o caso, en anteriores convocatorias, para os mesmos fins.

Os criterios de avaliación das solicitudes fixados nesta orde servirán de base para a determinación da prelación das solicitudes e serán os que se relacionan a continuación.

1. Co fin da baremación das solicitudes, os expedientes que reúnan os requisitos da convocatoria agruparanse en dous grupos:

a) No grupo I incluíranse os proxectos que se seleccionarán en primeiro lugar, e serán aqueles presentados por micro e pequenas empresas.

b) No grupo II incluíranse os proxectos que se seleccionarán en segundo lugar, e corresponderán a aqueles presentados por medianas empresas e resto de empresas ata 750 empregados ou cun volume de negocios inferior a 200 millóns de euros.

2. Dentro de cada grupo, con respecto aos expedientes de axudas de investimentos produtivos na acuicultura, iranse sumando ata un total de 40 puntos en función dos seguintes criterios:

a) Emprego, tanto mantemento dos niveis de emprego actual a medio prazo como creación de emprego da empresa. Ata un máximo de 10 puntos.

Como norma xeral, aqueles proxectos que destrúan emprego non serán obxecto de axuda. Estes proxec-

tos, que serán obxecto de estudo específico, serán valorados pola comisión avaliadora sinalada no artigo 15º desta orde, e poderán dar lugar á redución ou á non concesión da axuda, de acordo coa valoración que se considere.

b) Establecemento de métodos ou formas de explotación acuícola que reduzan as consecuencias negativas ou melloren os efectos positivos sobre o ambiente. Ata un máximo de 10 puntos.

c) Cría de especies novas, infrautilizadas ou con boas perspectivas de mercado. Ata un máximo de 5 puntos.

d) Proxectos que teñan como finalidade unha das seguintes: incremento do grao de innovación, diferenciación dos produtos a través da implantación de marcas de calidade, actuacións de repoboación, fomento do benestar animal nas instalacións acuícolas en cativeiro, investimentos que teñan como fin o apoio á acuicultura tradicional. Ata un máximo de 5 puntos.

3. Outros que terá en conta a comisión de avaliación, como por exemplo a calidade técnica dos proxectos, a existencia dun plan de igualdade na empresa solicitante, de acordo coa Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia (publicada no *Diario Oficial de Galicia* o 13 de abril de 2007) ou outros criterios similares. Ata un máximo de 10 puntos.

4. Independentemente desta clasificación terase en conta que en caso de coincidencia na baremación, terán prioridade as empresas que nunca recibiron axudas á acuicultura.

Poderán tomarse en conta para a valoración das operacións, os estudos ou análises de mercado presentados polo Estado ou polo solicitante da axuda que acrediten a viabilidade técnica e económica do proxecto e experiencias previas positivas levadas a cabo polos peticionarios en proxectos que se refiran ao desenvolvemento do sector pesqueiro ou acuicultor.

Con respecto aos expedientes de axudas de medidas hidroambientais, iranse sumando ata un total de 60 puntos en función dos seguintes criterios:

a) Custos adicionais provocados pola aplicación de medidas hidroambientais. Ata un máximo de 30 puntos.

b) Perda de ingresos sufrida. Ata un máximo de 24 puntos.

c) Necesidade de contar con axuda financeira para levar a cabo o proxecto. Ata un máximo de 6 puntos.

Artigo 17º.-*Resolución e aceptación.*

1. A resolución dos expedientes correspóndelle á conselleira do Mar, quen poderá delegar a dita competencia no director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica. No caso de concesións que superen a contía de 3.000.000 euros por beneficiario, será necesaria a autorización do Consello da

Xunta; esta autorización non implicará a aprobación do gasto, que lle corresponderá en todo caso ao órgano competente para ditar a resolución de concesión da subvención.

2. As resolucións serán notificadas ao solicitante que terá un prazo de dez días hábiles a partir do seguinte ao da súa notificación para a súa aceptación. Transcorrido este prazo sen producirse manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a axuda.

3. A resolución indicará os gastos considerados como subvencionables, así como as condicións xerais e particulares que se deben cumprir para poder percibir a axuda concedida. Así mesmo, indicará a anualización aprobada para a execución dos investimentos. O número máximo de anualidades non será superior a tres e o período límite de xustificación será ata o 31 de decembro da terceira anualidade. Ningunha anualidade poderá ser posterior ao 2013.

Artigo 18º.-*Recursos.*

Contra a resolución que se dite, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante a conselleira do Mar, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao da súa notificación ou de tres (3) meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo sexa o caso, ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación ou de seis (6) meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo o caso.

Todo isto sen prexuízo de que o interesado poida interpor calquera outro que considere pertinente.

Artigo 19º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, se é o caso, a obtención concorrente doutras subvencións e axudas concedidas por calquera outra entidade pública ou privada, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión da subvención ou á súa revogación, no caso de considerarse que a modificación afecta un aspecto substancial da concesión.

2. Calquera modificación que supoña un cambio do beneficiario, dos investimentos inicialmente previstos, tanto no referente ao orzamento como ás distintas partidas que os compoñen, así como ao prazo de execución, requirirá resolución expresa por parte da Consellería do Mar, e deberá ser comunicada por escrito con anterioridade á súa realización e coa suficiente antelación antes da data límite de xustificación dos investimentos establecida na resolución de concesión. No escrito deixarase constancia debidamente motivada das razóns que aconsellan a modificación proposta.

Nos casos de modificacións que supoñan variacións do importe da axuda ou das diferentes partidas que compoñen o expediente, deberán presentar coa solicitude un cadro A4-6 así como o anexo A3 onde se resolvan os cambios e un plano de situación dos novos investimentos.

3. A autorización para a modificación dos termos en que foi concedida a axuda quedará condicionada aos seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade destas bases reguladoras e da convocatoria oportuna.

b) Que a modificación non cause prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, non supoñan a denegación da subvención.

d) Que o proxecto modificado, en caso de que sexa presentado co resto das solicitudes, resulte seleccionado na concesión inicial, seguindo os criterios de selección fixados.

4. O acto polo cal se acorde a modificación da resolución de concesión ou, se é o caso, a súa denegación, será ditado polo órgano concedente, unha vez instruído o correspondente expediente en que se dará audiencia ao interesado. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento, nin se teñan en conta na resolución, outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

5. Como norma xeral non se admitirá a subrogación dun novo propietario na condición de solicitante ou beneficiario das axudas, agás nos casos de sucesión *mortis causa*, adquisición da propiedade como consecuencia de procesos de disolución e liquidación de persoas xurídicas, operacións de fusión ou escisión parcial ou total de sociedades ou naqueles outros casos nos que, a xuízo do órgano competente para a concesión das axudas, a transmisión da propiedade e a subrogación do novo propietario na posición de solicitante ou beneficiario non desvirtúe a finalidade das axudas e que se cumpran todos os requisitos de alínea 3 deste artigo.

En calquera caso, o novo beneficiario deberá cumprir os requisitos desta orde e asumir as obrigas derivadas da concesión.

6. Non se admitirán nin aprobarán modificacións que supoñan unha execución total inferior ao 60% do investimento inicialmente aprobado, nin aquelas que, no caso de axudas plurianuais, impliquen unha execución inferior ao 10% nalguna das anualidades fixadas na resolución de concesión.

7. Non se admitirán modificacións que supoñan cambio de localización dos investimentos aprobados.

Non obstante o indicado nos parágrafos anteriores, poderanse autorizar modificacións que se orixinen por causas de forza maior ou situacións sobrevidas suficientemente xustificadas que, en todo caso, deberán ser apreciadas polo órgano concedente.

Artigo 20º.-*Prazos de execución.*

1. Con carácter xeral e agás que a resolución individual de concesión de axuda dispoña un prazo distinto, o prazo para a xustificación material e documental da finalización dos investimentos será ata o 31 de outubro do ano correspondente ao exercicio económico de que se trate.

2. Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presente a documentación xustificativa, entenderase que renuncia á subvención. Neste caso a persoa titular da Consellería do Mar ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 21º.-*Xustificación dos investimentos.*

1. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase de acordo coas bases da convocatoria de axudas e a resolución de concesión. Os formularios en formato electrónico poderanse descargar na páxina web da Consellería do Mar <http://webpesca.xunta.es>. Considérase gasto realizado aquel efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación fixado na resolución de concesión da axuda ou a súa modificación, de ser o caso.

2. A xustificación dos investimentos presentaranse no Rexistro Único e de Información do complexo administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela ou no de calquera dos departamentos territoriais da Consellería do Mar.

3. As solicitudes de pagamento presentaranse acompañadas da seguinte documentación, da cal se presentará un exemplar orixinal ou copia compulsada e tres copias simples, agás para os documentos da alínea b):

a) Relación de xustificantes, seguindo o modelo incluído no anexo B1, na que virán relacionados e clasificados os gastos e os investimentos da actividade, con identificación do proveedor, número da factura, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.

b) Xustificantes dos investimentos efectuados, que consistirán de forma xeral nas facturas orixinais detalladas o máximo posible. Destes documentos deberá presentarse orixinal, copia compulsada e dúas copias simples. As facturas orixinais que, se é o caso, se entreguen ao beneficiario serán marcadas cun selo no cal se indique o financiamento do FEP.

c) As facturas deberán estar acompañadas das certificacións bancarias correspondentes aos pagamentos efectuados. Os certificados bancarios indicarán a

factura ou facturas que soportan. Non se admitirán pagamentos en efectivo.

d) En caso de construcións de edificacións e obras en xeral: certificación do facultativo que interveña na execución do proxecto que acredite as características e valor dos distintos conceptos comprendidos neste, realizados e xustificados durante o exercicio económico de que se trate, cos seus xustificantes de pagamento.

e) Anexo B2 onde se indicará a relación das diferenzas existentes entre os traballos solicitados e os realizados.

f) Informe do organismo laboral competente, documento coa relación nominal dos traballadores segundo o modelo do anexo B3 e/ou documentos TC segundo se estableza na resolución de concesión.

g) Declaración responsable doutras axudas solicitadas ou concedidas, ou que se pretendan solicitar a calquera outra Administración pública, destinadas a subvencionar total ou parcialmente o proxecto para o que se solicita a subvención. Deberá achegarse a resolución da axuda, se é o caso. Para cubrir deste punto seguirase o modelo do anexo A2 c) da orde reguladora das axudas.

h) Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo de execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos, o beneficiario deberá presentar, como mínimo, as ofertas mencionadas no punto 3 c) da epígrafe Outra documentación do anexo A4.

i) Certificado bancario acreditativo da titularidade do solicitante ou solicitantes e identificación da conta para o pagamento da axuda, se é distinta á achegada no momento da solicitude.

j) No caso de que o proxecto sexa a nova construción dunha embarcación auxiliar da acuicultura, presentarse certificación da inscrición na 4ª Lista do Rexistro de Buques de Galicia e autorización do porto base nun porto da Comunidade Autónoma de Galicia.

k) Se o investimento solicitado na subvención é a construción dunha batea e o cambio de sistema é con despezamento da batea antiga, deberase presentar certificado do xestor autorizado que procedeu á valorización ou eliminación dos residuos. No certificado indicaranse detalladamente as características do artefacto despezado, a cantidade de residuo de cada tipo xerada e o seu destino. No caso de que o cambio de sistema non se realice con despezamento, deberase presentar certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial, acerca do valor da batea vella. Este valor descontaríase do importe da axuda que percibirá o beneficiario.

l) Certificación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter débedas por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega.

m) Calquera outra que se indique na resolución de concesión.

n) No caso de medidas hidroambientais en que a axuda consista en compensacións, a xustificación será a mesma presentada para a concesión da axuda, polo que o pagamento poderá acordarse no mesmo acto.

4. No suposto de falta de xustificación documental ou material, o beneficiario perderá o dereito ao cobramento total ou parcial da subvención.

5. Excepcionalmente, por causas xustificadas e debidamente motivadas, e sempre que non se prexudiquen terceiros, poderá concederse unha prórroga de oficio ou por instancia do beneficiario por resolución do órgano concedente, para que a xustificación tanto documental como material dos investimentos, poida realizarse con posterioridade ao prazo de xustificación. No caso de que o prazo se prorrogue ao ano inmediatamente seguinte a aquel en que debería ter xustificadas os investimentos, será imprescindible que o solicitante garanta o bo fin do investimento mediante aval que deberá de ser presentado no prazo de 15 días a partir da notificación da concesión. O aval constituirase polo 110% do importe total da axuda pendente de percibir e terá unha vixencia mínima que comprenda os dous meses seguintes á data de xustificación final do investimento establecido na resolución da prórroga.

6. A prórroga deberá solicitarse por escrito coa suficiente antelación antes da data límite de xustificación dos investimentos establecida na resolución de concesión. Cando a prórroga solicitada implique ampliación ou modificación das anualidades da subvención concedida, ou seu outorgamento requirirá a correspondente fiscalización previa.

7. No caso de actuacións plurianuais, se a materialización e o pagamento do investimento se anticipa ao calendario establecido na resolución de concesión e non é posible o reaxuste das anualidades de subvención, o pagamento adiantado poderá servir de xustificación para o libramento das anualidades posteriores sempre que se obteña a conformidade do órgano competente para a concesión da axuda.

8. En caso de que o investimento for xustificado por menor contía que o considerado como subvencionable inicialmente, poderase minorar a axuda na mesma proporción, sempre que esta minoración non afecte aspectos fundamentais do proxecto, e que non supoña unha realización deficiente deste.

Artigo 22º.-*Pagamento da subvención.*

1. O pagamento dos proxectos e investimentos concedidos conforme a resolución e as presentes bases efectuarase unha vez xustificada de forma documental e material a realización do obxecto da subvención.

2. Será requisito imprescindible a comprobación material do investimento por parte da Administración, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade.

3. Para o pagamento da axuda será imprescindible que os beneficiarios estean ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e que non teñan pendente de pagamento ningunha outra débeda por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Considerando o sinalado no artigo 28 desta orde, o órgano xestor das axudas poderá obter dos organismos competentes as mencionadas certificacións.

4. No caso de axudas plurianuais, o pagamento das primeiras anualidades terá carácter de pagamento á conta, e a súa consolidación estará condicionada á finalización das actuacións obxecto da axuda, de acordo coa solicitude formulada e logo de conformidade da Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica.

5. No caso de axudas con varias anualidades, será necesario para o cobramento de cada unha das anualidades, agás a última, a presentación dunha garantía en forma de aval bancario do 110% da cantidade a pagar, e ata dous meses despois da data de xustificación final do investimento establecido na resolución.

6. No caso de que o solicitante non cumpra cos requisitos exixidos ou cos requirimentos recibidos, e no prazo conferido para iso, estará obrigado a proceder ao reintegro da axuda nos termos regulamentariamente establecidos.

Artigo 23º.-*Garantías.*

Os avais previstos nos artigos 21.5º e 22.5º desta orde serán depositados na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia segundo o previsto no capítulo II do título IV do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Unha vez comprobada a realización da actividade ou proxecto para o que se concedeu a subvención, as garantías serán liberadas.

Artigo 24º.-*Cesión ou transmisión das axudas.*

1. A cesión ou transmisión das axudas outorgadas ao abeiro desta orde non terán validez cando non sexan previamente autorizadas polo órgano que as ditou, tal e como se di no artigo 5. 2ºd).

2. A transmisión dos bens obxecto das accións subvencionadas, dentro dos cinco anos seguintes á data de resolución de pagamento da axuda, deberá ser previamente posto en coñecemento da autoridade que a outorgou para a súa autorización. No documento público da transmisión deberá o novo propietario subrogarse en todas as obrigas contraídas polo transmitente e, en particular, deixar constancia do importe da axuda concedida, así como non efectuar ningunha modificación fundamental das establecidas no artigo 56 do Regulamento (CE) 1198/2006.

Dentro dos tres meses seguintes á data da transmisión, o transmitente remitirá á Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica unha copia do documento público de transmisión.

3. O incumprimento das obrigas establecidas neste artigo será causa de reintegro da axuda.

Artigo 25º.-*Verificación posterior ao pagamento da axuda.*

Os servizos da Consellería do Mar realizarán os controis oportunos para verificar que a acción subvencionada non teña, nos cinco anos seguintes á data de resolución de pagamento da axuda, unha modificación fundamental das establecidas no artigo 56º do Regulamento (CE) 1198/2006.

Artigo 26º.-*Incumprimento e reintegro das axudas.*

1. Se o beneficiario incumpre calquera dos requisitos establecidos nestas bases e demais normas aplicables, así como as condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión da axuda, poderanse anular os beneficios concedidos coa obriga de reintegro da axuda ou subvención.

2. Procederá o reintegro total ou parcial da subvención concedida e dos xuros de demora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención e ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Serán causa de reintegro, de acordo coas directrices comunitarias para o exame das axudas estatais no sector da pesca e da acuicultura (2008/C 84/06), que o beneficiario infrinja o dereito comunitario e, en especial, as normas da política pesqueira común, durante o período cuberto pola subvención. O reembolso das axudas será proporcional á gravidade da infracción cometida.

Artigo 27º.-*Infraccións e sancións.*

Sen prexuízo do establecido nos parágrafos anteriores, aos beneficiarios das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 19 de xuño, de subvencións de Galicia e no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 28º.-*Autorizacións do beneficiario.*

1. A presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para incluír e facer público nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións os datos relevantes referidos ás axudas recibidas así como ás sancións impostas conxuntamente o regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. De acordo co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión de subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir

a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, co fin de acreditar que o solicitante está ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non poden ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlles requiridos ao interesado.

Artigo 29º.-*Publicidade.*

1. En aplicación do establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas, expresando a convocatoria, programa e crédito orzamentario a que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

2. De conformidade co establecido no artigo 13, punto 4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Mar publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo cal a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Disposicións adicionais

Primeira.-En todo o non previsto nesta orde observase o disposto na normativa mencionada no artigo 2º (marco normativo), así como nas prescricións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segunda.-Delégase no director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica a resolución destas axudas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceira.-Quedan sen efecto as bases reguladoras das axudas aos investimentos no ámbito da acuicultura aprobadas pola orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos do 17 de febreiro de 2009. Non obstante, seranlle aplicables as súas disposicións aos procedementos derivados de solicitudes presentadas ao abeiro da citada orde.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2010.

Rosa Mª Quintana Carballo
Conselleira do Mar



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO A1



UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo da Pesca

PROCEDEMENTO AXUDAS A INVESTIMENTOS NO ÁMBITO DA ACUICULTURA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PE205B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		CIF/NIF	
ACRÓNIMO	GRUPO EMPRESARIAL	CNAE	Nº REGISTRO SANITARIO
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
CAPITAL SOCIAL	DATA FUNDACIONAL	CENTROS DE PRODUCCIÓN	

E, na súa representación:

APELIDOS	NOME	CIF
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	

LOCALIZACIÓN DOS INVESTIMENTOS	
OBXECTO DO PROXECTO	
IMPORTE TOTAL DO PROXECTO (SEN IVE):	☐ SOLICITUDE DE INVESTIMENTO PRODUTIVO EN ACUICULTURA ☐ SOLICITUDE DE AXUDA HIDROAMBIENTAL

TIPO DE EMPRESA POLO SEU TAMAÑO

- ☐ MICRO OU PEQUENA EMPRESA (MENOS DE 50 TRABALLADORES E FACTURACIÓN OU BALANCE ATA 10 M€/ANO)
- ☐ EMPRESA MEDIANA (MENOS DE 250 TRABALLADORES E FACTURACIÓN DE ATA 50 M€/ANO E/OU BALANCE DE ATA 43 M€/ANO)
- ☐ EMPRESA INTERMEDIA: EMPRESA NON INCLÚIDA NOS DOUS PUNTOS ANTERIORES CON MENOS DE 750 TRABALLADORES OU FACTURACIÓN INFERIOR A 200 M€/ANO

AUTORIZO O ÓRGANO XESTOR:

- 1) A obter dos organismos competentes os certificados de que a entidade que represento está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes de pagamento á Xunta de Galicia,
- 2) A facer públicos nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, se é o caso.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicará na súa páxina web oficial, a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informoo de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta páxina).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Regulamento CE nº 1198/2006, do 27 de xullo.</i> <i>Orde do 22 de xaneiro de 2010 pola que se modifican as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a investimentos no ámbito da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo da Pesca, e se convoca para o exercicio 2010 o devandito procedemento, tramitado como expediente anticipado de gasto.</i> SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____, de _____ de _____	(Para cubrir pola Administración) <table><tr><td>RECIBIDO</td><td>NÚMERO DE EXPEDIENTE</td></tr><tr><td></td><td>DATA DE ENTRADA</td></tr><tr><td></td><td>____/____/____</td></tr><tr><td></td><td>DATA DE EFECTOS</td></tr><tr><td></td><td>____/____/____</td></tr><tr><td></td><td>DATA DE SAÍDA</td></tr><tr><td></td><td>____/____/____</td></tr><tr><td>REVISADO E CONFORME</td><td></td></tr><tr><td></td><td></td></tr></table>	RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE		DATA DE ENTRADA		____/____/____		DATA DE EFECTOS		____/____/____		DATA DE SAÍDA		____/____/____	REVISADO E CONFORME			
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE																		
	DATA DE ENTRADA																		
	____/____/____																		
	DATA DE EFECTOS																		
	____/____/____																		
	DATA DE SAÍDA																		
	____/____/____																		
REVISADO E CONFORME																			

Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica.
Rúa de Sar, 75, 15702 Santiago de Compostela

ANEXO A2.a)

DECLARACIÓN DO SOLICITANTE

Don/Dona , en calidade de ,
en nome e representación da empresa , con CIF nº ,
e enderezo para os efectos de notificación en

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Que todos os datos achegados coa solicitude son certos:
- Que se compromete a aceptar as comprobacións que se requiran.
- Que non está en crise, de acordo coa definición establecida nas directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e reestruturación de empresas en crise.
- Que a sociedade que representa foi constituída con data , e inscrita no Rexistro Mercantil de ,
folia , folio , sección , libro .
- Que na data de peche do último exercicio:
Ocupou persoas (incluído, se é o caso, o propietario, administrador ou familiares que traballen na empresa e legalmente incluídos no réxime de autónomos).
O seu volume de negocios foi de (impostos excluídos)
O importe do balance xeral anual, activo total, foi de

6. Que o órgano de administración da sociedade está composto polas persoas e co cargo que se relaciona a seguir:

NIF e nome		Cargo ou representación

7. a) Que o detalle de sociedades partícipes na empresa nunha porcentaxe igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto é o que se relaciona a continuación:

CIF e nome ou razón social	% de participación

- ☐ b) Que o detalle de persoas partícipes na empresa nunha porcentaxe igual ou superior ao 50% do seu capital ou dereitos de voto é o que se relaciona a continuación:

NIF e nome	% de participación

ou, alternativamente, no caso de que non existan accionistas con participación superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto.

- ☐ c) Que non existen sociedades con participación en contía igual ou superior ao 25% nin persoas físicas con participación en contía igual ou superior ao 50% do seu capital ou dereitos de voto.

8. a) Que o detalle de participacións da empresa noutras sociedades en contía igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto é o que se relaciona a seguir:

CIF e nome ou razón social	% de participación

ou, alternativamente, no caso de que a empresa non teña participación igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto noutras empresas:

- ☐ b) Que a sociedade non mantén participacións en contía igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto noutras empresas.

9. As sociedades relacionadas nos puntos 7.a) e 8.a) deberán emitir certificado axustado a este modelo.
As persoas físicas relacionadas no punto 7.b) deberán emitir certificado axustado ao modelo do anexo A2.b).

E, para que así conste, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados:

_____, de _____ de _____

Asdo.:

ANEXO A2.b)

Cubrir para cada persoa das que aparezan relacionadas no número 7.b) do anexo A2.a)

Don/Dona _____ con DNI nº _____ ,
co fin de acreditar a condición de peme da entidade _____ con CIF nº _____

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1.1) Que non posúe individualmente ou de común acordo con outras persoas máis dun 50% en capital ou dereitos de voto noutra sociedade que opere no mesmo mercado ou mercado contiguo a esta.

ou alternativamente,

1.2) Que o detalle de participación individualmente ou de común acordo con outras, en máis dun 50% en capital ou dereitos de voto en outra(s) sociedade(s) que opere(n) no mesmo mercado ou mercado contiguo á antedita é o seguinte:

CIF e nome ou razón social	% de participación
_____	_____
_____	_____

2) As sociedades relacionadas no número 1.2 (se existen), deberán emitir pola súa vez certificado axustado ao modelo do anexo A2.a)

E, para que así conste, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de _____
(Sinatura)

ANEXO A2.c)

Don/Dona _____, en calidade de _____,
en nome e representación da empresa _____, con CIF nº _____,

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas, declara o seguinte:

Axudas concedidas:

- ☐ Non se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto
☐ Si se concederon axudas para este mesmo proxecto

Tipo de axuda	Importe €	Convocatoria no diario oficial	Data da convocatoria	Data de resolución	Entidade concedente
_____	_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____	_____

Axudas solicitadas:

- ☐ Non se solicitou ningunha outra axuda para este mesmo proxecto
☐ Si se solicitaron outras axudas para este mesmo proxecto

Tipo de axuda	Importe €	Convocatoria no diario oficial	Data da convocatoria	Data de solicitude	Entidade que convoca
_____	_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____	_____

COMPROMÉTOME, a partir da data desta declaración, a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña, para a mesma actuación, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

Para os efectos do previsto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o solicitante declara:

- ☐ Non foi condenado por sentenza firme á pena de perda de posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas
☐ Non solicitou a declaración de concurso, non foi declarado insolvente ou en concurso nin está suxeito a intervención xudicial nin inhabilitado conforme a Lei concursal
☐ Non deu lugar, por causa de que o declarasen culpable, á resolución firme de calquera contrato realizado coa Administración
☐ A persoa física, os administradores ou o representante legal, segundo o caso, do solicitante, non están incursos en ningunha das causas de incompatibilidade establecidas na normativa vixente
☐ Está ao día nas súas obrigas fiscais, no pagamento de cotas á Seguridade Social e non ten contraída débeda ningunha coa Comunidade Autónoma galega
☐ Non ten residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal
☐ Está ao día no pagamento das obrigas por reintegro de subvención
☐ Non foi sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei de subvencións de Galicia ou a Lei xeral tributaria.

E, para que así conste, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados:

_____, de _____ de _____
O solicitante ou persoa que o representa (sinatura e selo da empresa)

ANEXO A4

DATOS XERAIS

DATOS DO LUGAR DO INVESTIMENTO

NOME

CIF/NIF

ENDEREZO

PROVINCIA

CONCELLO

CÓDIGO POSTAL

TELÉFONO

FAX

CORREO ELECTRÓNICO

CNAE

DEDICACIÓN DO CENTRO DE PRODUCCIÓN.

Sinale a dedicación do centro produtivo, segundo a facturación do ano anterior (en porcentaxe):

Cadro A4-1

	PORCENTAXE
Viveiro (batea)	
Parque de cultivo mariño	
Granxa mariña	
Criadeiro	
Planta de acuicultura en augas continentais	
Outros (especificar cales)	
TOTAL	

a) Tipo de explotación:

☐ NOVA(*)

☐ PREEXISTENTE

(*) Defínese explotación nova para os efectos desta orde, aquelas en constitución e aquelas cuxa data de inicio de actividade sexa inferior a un ano natural á data de presentación da solicitude das axudas.

SUBVENCÍONS CONCEDIDAS CON ANTERIORIDADE

Subvencións concedidas con anterioridade (desde o ano 2000) para investimentos no ámbito da acuicultura, pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

CÓDIGO DE EXPEDIENTES: (para cubrir pola Administración)

EXPEDIENTES DE AXUDA ANTERIORES QUE TIVESEN INCUMPRIMENTO PARCIAL OU TOTAL OU QUE RENUNCIASEN Á AXUDA

CÓDIGO DE EXPEDIENTES: (para cubrir pola Administración)

Os investimentos da actual solicitude alteran (substitúen, modifican, eliminan) investimentos subvencionados anteriormente? En caso afirmativo enumerar os conceptos.

INCREMENTO DA PRODUCCIÓN

O proxecto implica incremento da produción?:

☐ Si

☐ Non

MEMORIA DESCRIPTIVA E TÉCNICA

TÍTULO DO PROXECTO

DATAS DE INICIO E FIN

INICIO

FIN

OBXECTO DO PROXECTO

Explicación breve dos investimentos que se van realizar no proxecto, relacionando estes no posible.

TIPOS DE ACCIÓNS QUE SE VAN REALIZAR CO PROXECTO

Cadro A4-2

Para cubrir unicamente en proxectos con incremento da capacidade acuícola debido á construción de novas explotacións ou en proxectos con incremento do número de crías producidas en criadeiros

Finalidade principal	Finalidade secundaria	
☐ Aumento da produción		
☐ Diversificación de especies	☐ a. Actividade tradicional	☐ 1.- Bateas ☐ 2.- Salinas ☐ 3.- Charcas ☐ 4.- Outros
	☐ b. Ambiente	☐ 1.- Cultivos <i>off shore</i> ☐ 2.- Cultivos con recirculación de auga ☐ 3.- Outros
	☐ c. Outras	

Cadro A4-3

Para cubrir unicamente en proxectos con variación da produción debido á ampliación ou modernización das explotacións existentes

☐ Apoio a actividades tradicionais de acuicultura	☐ Modernización ☐ Equipamento ☐ Ampliación de instalacións ☐ Barcos
☐ Diversificación de especies (1) ☐ Produción de especies con boas perspectivas de mercado (2) ☐ Establecemento de métodos que reduzan as consecuencias negativas ou melloren os efectos positivos sobre o ambiente. ☐ Adquisición de equipamentos para protexer as explotacións de predadores salvaxes. ☐ Mellora de condicións de traballo e hixiene e da seguridade dos traballadores.	

(1) No caso de marcar esta opción, deberase indicar obrigatoriamente o seguinte:

Estudo de viabilidade: ☐ Si ☐ Non

Organismo avaliador

(2) No caso de marcar esta opción, deberase indicar obrigatoriamente o seguinte:

Estudo de mercado: ☐ Si ☐ Non

Organismo avaliador

Cadro A4-4

Para cubrir unicamente en proxectos de medidas hidroambientais

Tipo de acción
☐ Melloras ambientais
☐ Adhesión EMAS
☐ Acuicultura ecolóxica

Avaliación previa para acceder á axuda: ☐ Si ☐ Non

Organismo avaliador

Período de compromiso 5 anos:

Data de aprobación: Comprobado polo organismo competente: ☐ Si ☐ Non

Data intermedia: Comprobado polo organismo competente: ☐ Si ☐ Non

Data de fin: Comprobado polo organismo competente: ☐ Si ☐ Non

DESTINO DA PRODUCCIÓN

Cadro A4-5

- ☐ Consumo humano directo
- ☐ Alimento para acuicultura
- ☐ Acuarofilia
- ☐ Repoboación
- ☐ Industria transformadora
- ☐ Industria cosmética ou alimentaria
- ☐ Cebo vivo
- ☐ Outras (especificar)

TIPO DE ESTABLECEMENTO

Cadro A4-6

Tipo de establecemento	Tipo de instalacións	Número unidades
☐ Cultivo vertical en auga:	☐ Bateas flotantes	
	☐ Bateas fixas	
	☐ Long-line	
	☐ Estacadas	
	☐ Outros	
☐ Construcións e/ou artefactos en terra firme:	☐ Tanques (a nivel do chan)	
	☐ Estanques (debaixo do nivel do chan)	
	☐ Outros	
☐ Cultivo horizontal en zona marítimo-terrestre ou marítima:	☐ Parque de cultivo	
	☐ Bancos naturais cultivados	
	☐ Mesas e outros sobrelevados	
	☐ Outros	
☐ Gaiolas:	☐ Flotantes	
	☐ Mergulladas	
	☐ Outras	
☐ Enclaves naturais da zona continental e marítimo-terrestre:	☐ Lagos e lagoas	
	☐ Charcas e pequenos embalses	
	☐ Marismas e albufeiras	
	☐ Salinas	
	☐ Outros	

ANTECEDENTES:

Descrición das bases de partida. Xustificación da necesidade do proxecto.

DESCRICIÓN DO PROXECTO

Cadro A4-7

O proxecto inclúe: ☐ Custos de construción ☐ Custos de equipamento ☐ Custos de modernización ☐ Comercialización retalista	O proxecto implica ☐ Aumento de produción ☐ Diminución da produción ☐ Non inflúe na produción ☐ Cambio de especie: ☐ Total ☐ Parcial
---	---

Cadro A4-8

Para cubrir unicamente en proxectos de medidas hidroambientais

Descrición do proxecto	
Medidas ambientais	☐ 1. Cubrir custos de mantemento de estruturas ☐ 2. Perdas debidas a predadores salvaxes ☐ 3. Perdas de renda debido á diminución de densidade de produción ☐ 4. Outras (especificar)
Adhesión ao sistema EMAS	☐ 1. Custos de asesoría para a implantación inicial do sistema ☐ 2. Revisión ambiental realizada por consultor independente ☐ 3. Verificación por consultor ☐ 4. Gastos de rexistro ☐ 5. Outros (especificar)
Acuicultura ecolóxica	☐ 1. Diminución do volume de produción ☐ 2. Incremento dos custos de produción ☐ 3. Custos de inspección e certificación ☐ 4. Outros (especificar)

Descrición detallada das actuacións que se van realizar co proxecto. Indicaranse os obxectivos, con xustificación razoada dos investimentos e de cada unha das partidas.

Sinalar se na empresa existe un plan de igualdade de acordo coa Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia: ☐ Si ☐ Non

Cadro A4-9

Sinalar se o proxecto ten como finalidade unha das seguintes:

- ☐ Cría de especies novas, infrautilizadas ou con boas perspectivas de mercado
- ☐ Incremento do grao de innovación
- ☐ Establecemento de métodos ou formas de explotación acuícola que reduzan as consecuencias negativas ou melloren os efectos positivos sobre o ambiente
- ☐ Diferenciación dos produtos a través da implantación de marcas de calidade
- ☐ Actuacións de repoboación
- ☐ Fomento do benestar animal nas instalacións acuícolas en catividade
- ☐ Apoio á acuicultura tradicional

En caso afirmativo, faga unha descrición breve:

ESPECIES PRODUCIDAS

Cadro A4-10

Especies		Producción actual (T/ano)	Producción estimada (T/ano)	Fase ciclo vital (*)
Especie principal				
Especies secundarias				

(*) Indicar se se trata de engorda a tamaño comercial ou de engorda a madurez sexual.

O proxecto cumpre coas normativas ambientais, de saúde humana e animal, de hixiene e benestar animal da Unión Europea:

☐ Si ☐ Non
EMPREGO

Cadro A4-11

		Antes do investimento				Despois do investimento			
		Masculino		Feminino		Masculino		Feminino	
		Número	Meses/ano	Número	Meses/ano	Número	Meses/ano	Número	Meses/ano
Emprego indefinido	Fixo continuo								
	Fixo descontinuo								
Emprego temporal									

Cadro A4-12

Emprego				
Antes do proxecto			Despois do proxecto	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Persoal directivo				
Non asalariados				
Administrativos				
Técnicos superiores e medios				
Persoal operario especializado				
Persoal operario non especializado				
Total				
			Total xeral	

EFFECTO SOBRE O AMBIENTE

O proxecto exerce un efecto para o ambiente:

☐ Positivo

☐ Neutro

☐ Negativo

ORZAMENTO DE CUSTOS DO PROXECTO

Investimentos (sen IVE) para realizar por anos, segundo o seguinte cadro, considerando que en cada anualidade se terán en conta os investimentos pagados e xustificadas como máximo ata o 31 de outubro de cada ano. En cada unha das partidas deberanse engadir cada un dos investimentos correspondentes a ela desagregados ao máximo. En cada anualidade deberá constar como mínimo o 10% do importe total, excepto na última anualidade.

Cadro A4-13

Partida	Total importe (€)	1ª Anualidade (€)	2ª Anualidade (€)	3ª Anualidade (€)
1. Compra de instalacións				
2. Obra civil				
Saneamento				
Cimentación				
Estrutura				
Pechamentos e cuberta				
Albanelaría				
Pavimentos, azulexos, teitos				
Carpintaría interior e exterior				
Instalación fontanaría				
Instalación eléctrica				
Instalación contra incendios				
Illamento				
Seguridade e saúde				
SUBTOTAL				
3. Instalacións de bombeo				
SUBTOTAL				
4. Elementos para a construción ou modernización dunha batea				
Flotadores				
Armazón				
Outros				
SUBTOTAL				
5. Estanques de cultivo				
SUBTOTAL				
6. Gaiolas				
SUBTOTAL				
7. Instalacións frigoríficas				
SUBTOTAL				

Partida	Total importe (€)	1ª Anualidade (€)	2ª Anualidade (€)	3ª Anualidade (€)
8. Instalacións e equipamentos de servizo				
SUBTOTAL				
9. Equipamento e instalacións de laboratorio				
SUBTOTAL				
10. Instalacións e equipamentos de protección do medio				
SUBTOTAL				
11. Maquinaria				
SUBTOTAL				
12. Elementos de transporte interno				
SUBTOTAL				
13. Elementos de transporte externo				
SUBTOTAL				
14. Outros investimentos				
SUBTOTAL				

Partida	Total importe (€)	1ª Anualidade (€)	2ª Anualidade (€)	3ª Anualidade (€)
15. Proxecto, dirección de obra				
SUBTOTAL				
16. Embarcación auxiliar				
Casco				
Superestructura				
Acondicionamentos internos				
Motor principal				
Motor auxiliar				
Equipamentos radioeléctricos (radar, sonda, radio, VHF, etc.)				
Equipamentos de cuberta (guindastres)				
Maquinaria de procesamento de mexillón				
Outros				
SUBTOTAL				
Total (sen IVE)				

CONTA DE EXPLOTACION DA EMPRESA (INCLUÍNDO PROXECTO)

Cadro A4-14

	N	N+1	N+2	N+3
A) OPERACIÓNS CONTINUADAS				
1. Importe neto da cifra de negocios				
2. Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación.				
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.				
4. Aprovisionamentos				
5. Outros ingresos de explotación.				
6. Gastos de persoal.				
7. Outros gastos de explotación.				
8. Amortización do inmovilizado.				
9. Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras.				
10. Excesos de provisións.				
11. Deterioración e resultado por alleamentos do inmovilizado.				
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1 + 2 + 3 + 4 + 5 + 6 + 7 + 8 + 9 + 10 + 11)				
12. Ingresos financeiros.				
13. Gastos financeiros.				
14. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros.				
15. Diferenzas de cambio.				
16. Deterioración e resultado por alleamentos de instrumentos financeiros.				
A.2) RESULTADO FINANCIERO (12 + 13 + 14 + 15 + 16)				
A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1 + A.2)				
17. Impostos sobre beneficios.				
A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS (A.3+17)				
B) OPERACIÓNS INTERROMPIDAS				
18. Resultado do exercicio procedente de operacións interrompidas neto de impostos.				
A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4 + 18)				

EXPLICACIÓN DOS DATOS DO CADRO A4-14

Plan de viabilidade económico-financiera: datos previsionais das contas de explotación (resultados e tesouraría ou *cash-flow*), e cadros de amortización de activos dos 3 períodos inmediatamente posteriores.

FINANCIAMENTO DO PROXECTO. O importe debe figurar con 2 decimais

Cadro A4-15

Concepto	Cantidad (€)
1.- Participación financeira do beneficiario	
1.1.- Fondos propios	
1.2.- Préstamos	
1.3.- Outros	
Subtotal	
2.- Participación financeira da Administración (FEP, Estado, Xunta de Galicia)	
2.1.- Axuda deste proxecto	
2.2.- Outras axudas	
Subtotal	
Total xeral (impostos incluídos)	
IVE recuperable	
Total xeral (sen impostos)*	

(*) Esta cifra debe coincidir co importe total do proxecto (sen IVE) do anexo A-1 e co importe total do cadro A4-13.

Explicación do cadro A4-15

Informe detallado do financiamento propio (con cargo a reservas, ampliación de capital, etc.) e alleo para a execución do proxecto.

INFORMACION ECONOMICA DA ENTIDADE SOLICITANTE

CONTA DE EXPLOTACIÓN E PERDAS E GANANCIAS DA EMPRESA. Os datos deben coincidir coas contas anuais sen redondeo e con céntimos.

Cadro A4-16		
	N-2	N-1
A) OPERACIÓNS CONTINUADAS		
1. Importe neto da cifra de negocios.		
2. Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación.		
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.		
4. Aprovisionamentos.		
5. Outros ingresos de explotación.		
6. Gastos de persoal.		
7. Outros gastos de explotación.		
8. Amortización do inmovilizado.		
9. Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras		
10. Excesos de provisións.		
11. Deterioración e resultado por alleamentos do inmovilizado.		
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1 + 2 + 3 + 4 + 5 + 6 + 7 + 8 + 9 + 10 + 11)		
12. Ingresos financeiros.		
13. Gastos financeiros.		
14. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros.		
15. Diferenzas de cambio.		
16. Deterioración e resultado por alleamentos de instrumentos financeiros.		
A.2) RESULTADO FINANCEIRO (12 + 13 + 14 + 15 + 16)		
A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1 + A.2)		
17. Impostos sobre beneficios.		
A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS (A.3 + 17)		
B) OPERACIÓNS INTERROMPIDAS		
18. Resultado do exercicio procedente de operacións interrompidas neto de impostos.		
A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4 + 18)		

BALANCE RESUMIDO DA EMPRESA. Os datos deben coincidir coas contas anuais sen redondeo e con céntimos.

Cadro A4-17					
ACTIVO	N-2	N-1	PASIVO	N-2	N-1
A) ACTIVO NON CORRENTE			A) PATRIMONIO NETO		
I. Inmovilizado intanxible			A-1) Fondos propios		
II. Inmovilizado material			I. Capital		
III. Invetimentos inmobiliarios			II. Prima de emisión		
IV. Invetimentos en empresas do grupo e asociadas a longo prazo			III. Reservas		
V. Invetimentos financeiros a longo prazo.			IV. (Accións e participacións en patrimonio propias).		
VI. Activos por imposto diferido			V. Resultados de exercicios anteriores.		
B) ACTIVO CORRENTE			VI. Outras achegas de socios.		
I. Activos non correntes mantidos para a venda.			VII. Resultado do exercicio.		
II. Existencias			VIII. (Dividendo á conta).		
III. Debedores comerciais e outras contas para cobrar.			IX. Outros instrumentos de patrimonio neto.		
IV. Invetimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo.			A-2) Axustes por cambios de valor		
V. Invetimentos financeiros a curto prazo.			I. Activos financeiros dispoñibles para a venda		
VI. Periodificacións a curto prazo.			II. Operacións de cobertura		
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.			III. Outros		
			A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos.		
			B) PASIVO NON CORRENTE		
			I. Provisións a longo prazo.		
			II. Débedas a longo prazo.		
			III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo.		
			IV. Pasivos por imposto diferido.		
			V. Periodificacións a longo prazo.		
			C) PASIVO CORRENTE		
			I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda.		
			II. Provisións a curto prazo.		
			III. Débedas a curto prazo.		
			IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo.		
			V. Acredores comerciais e outras contas a pagar.		
			VI. Periodificacións a curto prazo.		
TOTAL ACTIVO (A+B)			TOTAL PASIVO (A+B+C)		

CONTA DE EXPLOTACION E PERDAS E GANANCIAS DO GRUPO EMPRESARIAL

Cadro A4-18		N-1
A) OPERACIÓN S CONTINUADAS		
1. Importe neto da cifra de negocios.		
2. Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación.		
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.		
4. Aprovisionamentos.		
5. Outros ingresos de explotación.		
6. Gastos de persoal.		
7. Outros gastos de explotación.		
8. Amortización do inmovilizado.		
9. Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras.		
10. Excesos de provisións.		
11. Deterioración e resultado por alleamentos do inmovilizado.		
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1 + 2 + 3 + 4 + 5 + 6 + 7 + 8 + 9 + 10 + 11)		
12. Ingresos financeiros.		
13. Gastos financeiros.		
14. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros.		
15. Diferenzas de cambio.		
16. Deterioración e resultado por alleamentos de instrumentos financeiros.		
A.2) RESULTADO FINANCIERO (12 + 13 + 14 + 15 + 16)		
A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1 + A.2)		
17. Impostos sobre beneficios.		
A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓN S CONTINUADAS (A.3 + 17)		
B) OPERACIÓN S INTERROMPIDAS		
18. Resultado do exercicio procedente de operación s interrompidas neto de impostos.		
A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4 + 18)		

BALANCE RESUMIDO DO GRUPO EMPRESARIAL

Cadro A4-19		N-1	N-1
ACTIVO		PASIVO	
A) ACTIVO NON CORRENTE		A) PATRIMONIO NETO	
I. Inmovilizado intanxible.		A-1) Fondos propios	
II. Inmovilizado material.		I. Capital.	
III. Invetimentos inmobiliarios.		II. Prima de emisión.	
IV. Invetimentos en empresas do grupo e asociadas a longo prazo.		III. Reservas.	
V. Invetimentos financeiros a longo prazo.		IV. (Accións e participacións en patrimonio propias).	
VI. Activos por imposto diferido.		V. Resultados de exercicios anteriores.	
B) ACTIVO CORRENTE		VI. Outras achegas de socios.	
I. Activos non correntes mantidos para a venda.		VII. Resultado do exercicio.	
II. Existencias.		VIII. (Dividendo á conta).	
III. Debedores comerciais e outras contas para cobrar.		IX. Outros instrumentos de patrimonio neto.	
IV. Invetimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo.		A-2) Axustes por cambios de valor.	
V. Invetimentos financeiros a curto prazo.		I. Activos financeiros dispoñibles para a venda.	
VI. Periodificacións a curto prazo.		II. Operacións de cobertura.	
VII. Efectivo e outros activos líquidos.		III. Outros.	
		A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos.	
		B) PASIVO NON CORRENTE	
		I. Provisións a longo prazo.	
		II. Débedas a longo prazo.	
		III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo.	
		IV. Pasivos por imposto diferido.	
		V. Periodificacións a longo prazo.	
		C) PASIVO CORRENTE	
		I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda.	
		II. Provisións a curto prazo.	
		III. Débedas a curto prazo.	
		IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo.	
		V. Acredores comerciais e outras contas a pagar.	
		VI. Periodificacións a curto prazo.	
TOTAL ACTIVO (A+B)		TOTAL PASIVO (A+B+C)	

OUTRA DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTARÁ COA SOLICITUDE

Sinállese a documentación que presenta coa solicitude:

Documento	Si
a) Documentos acreditativos da personalidade ou entidade do solicitante	
<u>1.1.- Para persoas xurídicas:</u>	
a) Certificación rexistral actualizada dos estatutos sociais, da escritura de constitución da sociedade e copia compulsada da tarxeta de identificación fiscal.	☐
b) Copia compulsada do documento nacional de identidade e poder de representación da persoa que asina a solicitude no caso de que tal poder non figure na certificación rexistral.	☐
c) Certificación actualizada do Rexistro Mercantil das contas anuais depositadas no último exercicio económico pechado.	☐
<u>1.2.- Para persoas físicas:</u>	
a) Copia compulsada do documento nacional de identidade do asinante da solicitude.	☐
b) Declaración da renda dos últimos tres anos.	☐
c) Certificado actualizado da declaración censual de alta en obrigas tributarias	☐
<u>1.3.- Se a solicitude corresponde a unha pluralidade de persoas:</u>	
a) Acordo do nomeamento do representante ou apoderado para os efectos da axuda, asinado por todos eles.	☐
b) A distribución dos compromisos que corresponda executar a cada un dos solicitantes, así como o importe da subvención solicitada para cada un deles.	☐
c) A conta bancaria sinalada na alínea e) deberá estar a nome de todos os solicitantes. En caso contrario, deberase achegar documento asinado por todos os solicitantes, conforme non existe inconveniente en que se pague a axuda a esa conta.	☐
d) Documentación sinalada nas alíneas a), b) e c) do punto 1.2 de cada un dos solicitantes.	☐
e) Cando o solicitante sexa unha entidade en réxime de atribución de rendas (C.B., S.C.), tamén deberá presentar a declaración informativa anual do modelo 184 e copia compulsada da tarxeta de identificación fiscal da entidade.	☐
b) Xustificación dos investimentos:	
1. Obra civil e instalacións: factura pro forma ou orzamento da empresa construtora ou instaladora desagregado por unidades de obra. (*)	☐
2. Maquinaria, equipamentos e outros conceptos: ofertas ou facturas pro forma dos subministradores. No caso de que se trate de investimentos en maquinaria deberá achegarse o catálogo do proveedor e detallarse a marca e o modelo sempre que sexa posible. En cada liña de produción indicaranse as características técnicas de cada elemento.(*)	☐
3. Proxecto técnico visado de forma oficial, en caso necesario. Deberase xuntar tamén en soporte informático.	☐
c) En proxectos de viveiros en zona marítima, acreditación da dispoñibilidade do seguro obrigatorio indicado no artigo 65 da Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia.	☐
d) Para aqueles investimentos que así o requiran, os demandantes da axuda terán ou terán solicitadas e así o acreditarán documentalmente coa solicitude, as preceptivas concesións, autorizacións, permisos ou licenzas administrativas correspondentes:	
1) Licenzas municipais de obra e de actividade necesarias para realizar o investimento solicitado.	☐
2) Licenza de actividade do concello no caso de establecementos de acuicultura en zona terrestre xa existentes.	☐
3) No caso de establecementos de cultivo mariño:	
i. Título administrativo habilitante.	☐
ii. Autorización ou licenza necesaria para levar a cabo os investimentos obxecto da axuda.	☐
iii. Concesión de ocupación de zona portuaria e autorización da administración portuaria que corresponda, para realizar o investimento.	☐
4) No caso de establecementos de acuicultura en augas continentais:	
i. Comprobación da inscrición no Rexistro de Centros de Acuicultura de Augas Continentais da Consellería de Medio Ambiente.	☐
ii. Autorización necesaria para realizar o investimento solicitado da Consellería de Medio Ambiente e/ou da confederación hidrográfica que corresponda.	☐
5) No caso de embarcacións auxiliares de acuicultura:	
i. Comprobación da inscrición no Rexistro de Centros de Acuicultura de Augas Continentais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	☐
ii. Autorización necesaria para realizar o investimento solicitado da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e/ou da confederación hidrográfica que corresponda.	☐
- Se o solicitante é unha persoa física e propietario do barco, deberá achegar copia cotexada do DNI do propietario do barco.	☐
- Se o solicitante é unha persoa física e armador do barco deberá achegar folla de asiento actualizada en que figure o solicitante como armador do buque e copia compulsada de contrato de arrendamento do buque.	☐
e) Documento orixinal do certificado expedido por banco ou entidade financeira que acredite a titularidade da conta bancaria a nome do solicitante e en que se efectuará o pagamento do importe da axuda, se é o caso.	☐
f) Certificación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter débedas por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega.	☐
g) Proxecto técnico visado de forma oficial, en caso necesario. Deberase xuntar tamén en soporte informático.	☐
h) Fotocopia TC1 e TC2 dos 3 meses anteriores á data de presentación da solicitude de todos os centros de traballo da empresa e cubrir o cadro do anexo B3 para o período correspondente aos 12 meses anteriores á solicitude. Este achegarse xunto co certificado de afiliados adscritos ás contas de cotización da empresa por tipos de contrato, e de todos os centros de traballo, para o citado período.	☐
i) Planos (deberase xuntar tamén en soporte informático: formatos jpg ou pdf).	☐
j) En caso de axudas para medidas hidroambientais, ademais deberá acompañarse dun informe relativo á perda de ingresos e/ou gastos necesarios para levar a cabo as medidas.	☐
* A elección da oferta dos provedores en gastos superiores a 30.000 euros no suposto de custo de execución de obra ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento, deberá adaptarse ao contido do punto 3º do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso o solicitante presentará unha única factura pro forma ou oferta para cada concepto dos investimentos, xunto cun cadro resumo asinado e que figura como anexo A3, en que se indicará para cada elemento as ofertas solicitadas, a oferta elixida, o criterio de elección e a xustificación no seu caso da elección da oferta máis económica distinta da máis vantaxosa.	

LISTA DE XUSTIFICANTES (RELATIVA AOS GASTOS DESTA PETICIÓN DE PAGAMENTO)

DATA EN CURSO / REMATE DOS INVESTIMENTOS

[illegible]

(*) CÓDIGOS

de
de

Sinatura do beneficiário ou do seu representante legal:

Asinado:

